

**PROGRAMACIÓN ESA –  
ÁMBITO SOCIAL  
MÓDULO I  
CURSO 2021 - 2022**

**MARÍA ESTHER DURÁN RIVAS**

## ÍNDICE

---

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN .....	3
2. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS .....	4
3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .....	8
4. CONTIDOS: TEMPORALIZACIÓN E UNIDADES DIDÁCTICAS .....	13
5. UNIDADES DIDÁCTICAS E PRINCIPAIS CONCRECIÓNS CURRICULARES: OBXECTIVOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE .....	17
6. CONCRETACIÓNS METODOLÓXICAS .....	30
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS .....	31
8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN .....	33
9. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN .....	38
10. INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO- APRENDIZAXE E DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA .....	47
11. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES .....	51
12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE .....	52
13. TEMAS TRANSVERSAIS .....	53
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES .....	54
15. ACTITUDES, VALORES E IMPULSO DA AUTONOMÍA PERSOAL .....	55
16. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN .....	56

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

---

O ensino do Ámbito Social na Educación Secundaria para Adultos dentro da educación a distancia, pretende formar ao alumnado na comprensión e valoración dos aspectos xeográficos e sociais que se producen na sociedade do presente e do pasado, creando unha actitude crítica ante os problemas e desigualdades do mundo actual.

O ensino a distancia ten as súas peculiaridades dentro do conxunto das ensinanzas regradas. **A metodoloxía da aula virtual é unha proposta que posibilita o control da aprendizaxe por parte do propio estudante, amosándolle os seus progresos no desenvolvemento do proceso de aprendizaxe**, permitindo así a coavaliación. O proceso de aprendizaxe debe contribuír a formar as/os alumnas/os para que, con liberdade e espírito crítico, saiba actuar na sociedade en que vive. Con todo, ao ser un ensino de adultos, moitos dos valores xa están formados, aínda que sexa preciso traballalos e reforzalos.

Os contidos seleccionados recollen aspectos xeográficos e históricos e teñen por obxectivo fundamental **acadar as competencias básicas no eido da xeografía e historia desde unha perspectiva científica, técnica e social**, ademais de proporcionarlle ao alumnado a formación necesaria para que aprenda a ser máis respectuoso co medio natural e máis solidario coa sociedade en que vive.

No que atinxe á **contextualización**, o IES San Clemente é un centro urbano que se sitúa no casco histórico de Santiago de Compostela (Rúa San Clemente s/n) e que posúe oferta educativa presencial (Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes, Ciclo Superior ASIR, Ciclo Superior DAM, Ciclo Superior ASIR Modular, Ciclo Superior DAW Modular) e oferta educativa a distancia (Ciclo Medio SMR Modular, Ciclo Superior ASIR Modular, Ciclo Superior DAM Modular, Ciclo Superior DAW Modular, Bacharelatos e ESA). O feito de estar a elaborar unha **programación para o ensino a distancia semipresencia** (1 ESA-ámbito Social) confírelle á mesma algunhas particularidades, entre

as que destaca a **heteroxeneidade do noso alumnado**, o cal procede de ámbitos moi diversos e con intereses tamén moi diferentes (acceso a ciclos, universidade...), así como ferramentas e procedementos de avaliación máis axustados a esta realidade do alumnado, que trataremos no apartado correspondente, entre outros aspectos que esixen un grao de adaptación da programación didáctica.

## 2. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECIFICOS

---

### Obxectivos xerais

Segundo a normativa vixente, os **obxectivos xerais da educación básica para as persoas adultas**, oriéntase a desenvolver as capacidades que lles permitan:

- a) Formar unha imaxe adecuada de si mesmos; das súas características e posibilidades, valorando a súa experiencia, o esforzo e a superación das dificultades.
- b) Mostrar actitudes solidarias e tolerantes, valorando as situacións en que se deben realizar proxectos comúns e rexeitando todo tipo de discriminacións debidas á raza, ao sexo, á clase social, ás crenzas e a outras características individuais, sociais e culturais.
- c) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensamento e iniciativa.
- d) Valorar criticamente as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio e doutros existentes, discernindo a súa validez.
- e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- f) Desenvolver ou consolidar o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

- g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.
- h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.
- i) Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes en que esta se atopa, incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación, tratada de forma autónoma e crítica, e transmitila de maneira organizada e intelixible.
- j) Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos de coñecemento e de experiencia, mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o proceso seguido.
- k) Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora, como elemento determinante da calidade de vida.
- l) Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no medio físico e social.
- m) Coñecer e apreciar o patrimonio natural e cultural, especialmente o de Galicia, e contribuír activamente á súa conservación e mellora.
- n) Entender a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade, e desenvolver unha actitude de interese e respecto para o exercicio deste dereito, en especial no referente ao uso da lingua galega.
- o) Valorar as consecuencias dos actos e decisións persoais na saúde individual e colectiva, e os beneficios que supoñen os hábitos saudables.
- p) Combinar a cualificación técnica e profesional adquirida cun comportamento social e coa capacidade de afrontar e solucionar problemas.

### **Obxectivos específicos**

O Ámbito Social ten como finalidade que “o alumnado perciba, interprete e describa adecuadamente o mundo actual, para participar á vez que configura valores persoais e cívicos valiosos. O logro deste fin leva a progresiva adquisición de habilidades para acceder á

información e realizar unha elaboración persoal do coñecemento, observar a realidade, adoptar criterios válidos para a toma de decisións, desenvolverse con autonomía e iniciativa persoal e interactuar positivamente cos demais, mostrando actitudes de responsabilidade e respecto que contribúan a mellorar a súa calidade de vida e o benestar colectivo. Contribúe ao entendemento que todo iso require o coñecemento do espazo onde se desenvolven as sociedades así como a comprensión da sociedade, a súa organización e funcionamento ao longo do tempo.”

O ensino dentro do **Ámbito Social na ESA** ten coma obxectivo desenvolver as seguintes capacidades:

- a. Promover un sentimento positivo de pertenza a unha comunidade como Galicia, a un estado histórico como é España e á cultura universal.
- b. Comprender que o patrimonio cultural, natural, histórico e artístico é diferente ao de outros lugares, participando activamente na súa defensa e conservación.
- c. Aplicar os coñecementos adquiridos a partir do contacto coa realidade galega para comprender a súa situación actual.
- d. Identificar e valorar a pluralidade das comunidades sociais ás que pertence, con plena conciencia dos seus deberes e dereitos, e rexeitando discriminacións de todo tipo.
- e. Valorar a diversidade lingüística e cultural manifestando actitudes de tolerancia.
- f. Identificar as interaccións que as sociedades humanas establecen cos seus territorios na utilización do espazo e do aproveitamento dos recursos naturais.
- g. Identificar e analizar as relacións que se producen entre os feitos políticos, económicos e culturais que condicionan a traxectoria histórica das sociedades humanas, así como o papel que os individuos desempeñan nelas.
- h. Resolver problemas e levar a cabo estudos e pequenas investigacións aplicando os instrumentos conceptuais, as técnicas e os procedementos básicos das ciencias sociais.
- i. Obter e relacionar información verbal, estatística e cartográfica a partir de diversas fontes, sobre todo dos medios de comunicación, e tratala e transmitila de forma ordenada e clara.

- j. Recoñecer as peculiaridades do coñecemento científico sobre o social, valorando o carácter relativo e provisional dos seus resultados ou a aportación persoal do investigador.

Dentro do **Módulo I**, a liña de desenvolvemento debe estar moi relacionada co ámbito da natureza, xa que xira arredor do benestar da humanidade en harmonía coa biosfera. Basear o desenvolvemento da humanidade e o seu benestar na explotación abusiva dos recursos sen ter en conta os límites da biosfera é, na actualidade, un dos grandes problemas que preocupa á sociedade e que esta tenta resolver.

Por iso as perspectivas de traballo céntranse na localización espacial, na identificación dos fenómenos xeográficos máis significativos e na explicación analítica das interaccións entre o medio e os seres humanos, con especial atención aos desequilibrios ambientais.

Pártese, pois, da análise do medio natural como recurso e dos seus factores físicos, así como da interrelación ser humano – medio que configuran as distintas paisaxes. Os ámbitos espaciais céntranse basicamente en Galicia e no conxunto peninsular e de maneira máis xeral no conxunto de Europa e no resto do planeta.

Co ensino-aprendizaxe dos conceptos e procedementos deste módulo chegarase á localización e ao coñecemento das características de destacados feitos e conceptos xeográficos, como son a percepción e representación espacial, as fontes de información xeográfica, os grandes medios naturais, as áreas de produción de materias primas e recursos enerxéticos, a distribución da poboación e os seus desequilibrios, os sectores de produción, as grandes áreas urbanas, industriais e turísticas, coas vías de comunicación que as unen e as actividades económicas que as interrelacionan.

### 3. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

---

As achegas do **Ámbito Social** á adquisición das competencias clave da aprendizaxe ao longo da vida son:

**Comunicación lingüística (CCL):** A aprendizaxe deste Ámbito Social require a interacción social, a interpretación e expresión da concepción do mundo, para o que é esencial o desenvolvemento da competencia lingüística. O alumno adquire coñecementos sobre a organización e o funcionamento da sociedade na que vive á vez que se familiariza con diferentes estilos comunicativos formais.

A consecución dos estándares de aprendizaxe propostos require a práctica de distintas destrezas adquiridas ao longo da vida mediante o uso da lingua, que implican o manexo de diferentes modalidades de comunicación e o acceso a múltiples soportes de información, con textos en varios formatos, nos que se empregan diversas linguaxes e sistemas de representación, tendo sempre presente que a linguaxe é un instrumento humano básico porque permite razoar.

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT):** O desenvolvemento do Ámbito Social contribúe á adquisición da competencia matemática xa que o alumnado aplica procesos de razoamento lóxico para comprender o funcionamento básico do sistema económico e político actual, e ao elaborar plans de acción que permitan alcanzar obxectivos persoais e profesionais e mellorar a calidade de vida. Ademais, fomenta a capacidade crítica e a aptitude apropiada para a elaboración de xuízos fundados ao abordar problemas cotiáns.

Tanto a interpretación de acontecementos e fenómenos como a experimentación no ámbito das ciencias sociais implican a comprensión e o manexo do sistema numérico, a realización de cálculos, a estimación e o cálculo de magnitudes, a situación no espazo, o tratamento e a representación da información e a valoración do azar e da probabilidade. Necesitan a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e



predicir distintos fenómenos nos seus respectivos contextos, demostrando os resultados matemáticos e valorando as solucións pola súa fiabilidade e veracidade.

Así mesmo, favorecen o incremento de destrezas para abordar a incerteza, o tratamento dos datos e os razoamentos cualitativos e cuantitativos de maneira lóxica e argumentada para establecer relacións, para deducir conclusións coherentes ben fundamentadas a problemas cotiáns e para ampliar actitudes relacionadas coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia, como a conservación de recursos naturais e outras cuestións ambientais. Todo iso contribúe ao desenvolvemento das capacidades necesarias para xerar coñecemento intrínseco ao método de investigación das ciencias sociais.

**Competencia dixital (CD):** O estudo das ciencias sociais implica necesariamente o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación e, por tanto, leva o incremento das habilidades de procura, selección e recompilación de información e desenvolver unha actitude crítica para analizar e interpretar a validez e fiabilidade do contido, co fin de resolver problemas, avaliar novas fontes de información e motivar a curiosidade polo coñecemento.

Ademais, este Ámbito Social contribúe á ampliación de capacidades comprendidas na competencia dixital para seleccionar os soportes máis apropiados para observar, elaborar hipóteses, informarse, experimentar, liquidar todo tipo de problemas, executar as tarefas técnicas adecuadamente e elaborar conclusións ben fundamentadas. Propón aprendizaxes mediante o uso dos diferentes recursos da tecnoloxías da información e a comunicación de maneira responsable, fiable e segura, tanto para resolver problemas como para producir novos contidos e comunicalos.

**Aprender a aprender (CAA):** A metodoloxía didáctica propia do ensino deste Ámbito Social prepara para formarse permanentemente ao longo da vida mediante propostas que permiten ao alumnado aprender a observar e exporse cuestións sobre a realidade, a informarse, a estudar, a realizar unha elaboración persoal do coñecemento, a reflexionar e a responder as cuestións que se expoñen na súa vida cotiá. Todo iso esperta a curiosidade, incrementa a motivación para incorporar novos coñecementos e facilita a execución de estratexias metacognitivas para unha aprendizaxe autónoma eficiente.

Desenvolver proxectos específicos das ciencias sociais coaduxa a conseguir un nivel relevante en autonomía e eficacia da propia aprendizaxe, ao que se chega mediante traballos individuais e grupais. A formación en diferentes áreas do saber científico require un proceso introspectivo para valorar e relacionar os intereses e coñecementos previos con novos saberes e empregar todas as estratexias de estudo e traballo aprendidas: escoita activa, lectura, comprensión, análise, síntese, estruturación da información, elaboración persoal do saber, aplicación do coñecemento, etc.

**Competencias sociais e cívicas (CSC):** A análise e a reflexión sobre os contidos do Ámbito Social contribúen a afianzar a capacidade de identificar, interpretar, apreciar e axuizar acontecementos, feitos, fenómenos, comportamentos, hábitos e valores para interactuar socialmente mediante o diálogo, a cooperación e a participación a nivel local, nacional e europeo. Implican a toma de decisións ben fundamentadas e argumentadas para a comprensión e expresión de diferentes puntos de vista. Potencian actitudes inspiradas no exercicio da liberdade, o respecto, a tolerancia, a igualdade e a non discriminación. Deste xeito, a persoa prepárase para participar na actividade social e cívica, de acordo a valores socialmente establecidos, e axúdaselle a tomar conciencia democrática.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** As tarefas necesarias para dar sentido aos contidos do Ámbito Social fomentan a capacidade de transformar ideas en actos, partindo de habilidades e destrezas persoais, ao incluír estratexias metacognitivas e procedementos que dotan ás persoas adultas de recursos para desenvolverse adecuadamente e afrontar de maneira autónoma retos persoais, sociais, académicos e laborais de moi diversa índole. Consecuentemente, promóvense aptitudes para aproveitar a información, desenvolver ideas, resolver problemas e presentar conclusións innovadoras.

Por outra banda, potencian a capacidade de análise, pensamento crítico, resolución de problemas e toma de decisións do individuo, ao propoñer a interpretación e a análise crítica da información, coñecementos e acontecementos relacionados coas ciencias sociais. Deste xeito favorécese o aumento da capacidade requirida para afrontar a incerteza, deseñar e poñer en práctica plans de acción eficaces, propoñendo e argumentando solucións a diferentes problemas cotiáns, económicos e sociais, con autonomía e iniciativa persoais.

**Conciencia e expresións culturais (CCEC):** A persoa enriquece a súa competencia cultural ao coñecer, comprender, interpretar e gozar o labor humano, abordándoa como obxecto de estudo e como fonte de inspiración de creacións artísticas. A intervención humana na natureza e a cultura dos pobos póñense de manifesto na arte cos propósitos de informar, educar, crear e recrearse. A tecnoloxía é un constituínte esencial da cultura actual, e por iso, desempeña un papel fundamental como obxecto de estudo e representación e como instrumento de creación artística.

Este Ámbito Social realiza achegas importantes á competencia en conciencia e expresións culturais ao propoñer a reflexión e a posta en práctica de actitudes de respecto, aceptación e goce das diferentes manifestacións culturais e artísticas, valorando a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural e o diálogo entre culturas e sociedades, pasadas e actuais, locais e universais, cun espírito aberto, positivo e solidario.

De un **xeito específico**, desde o **módulo I** facemos a achega as competencias clave da aprendizaxe:

- **Competencia social e cidadá**
  - Comprender a achega que as diferentes culturas fixeron á evolución da humanidade.
  - Reflexionar de forma crítica sobre os feitos e problemas sociais e históricos.
  - Expresar as propias opinións de forma asertiva.
  - escoitar activamente; saber poñerse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista.
  - Relacionarse, cooperar e traballar en equipo.
  - Comprender os valores democráticos.
  - Entender os comportamentos e as formas de vida en contextos históricos e/ou culturais distintos do propio.
- **Coñecemento e a interacción co mundo físico**
  - Coñecer as características do espazo físico no que se desenvolven a vida e a actividade humana.
  - Localizar no espazo os elementos do medio físico e os acontecementos históricos traballados.
  - Analizar a acción do ser humano sobre o medio e interesarse pola conservación do medio ambiente.
  - Aprender a orientarse e a situarse no espazo, utilizando mapas e planos.
  - Realizar predicións e inferencias de distinto nivel de complexidade.

- **Competencia cultural e artística**
  - Desenvolver a sensibilidade para gozar con distintas expresións do patrimonio natural e cultural.
  - Valorar a importancia do patrimonio para acceder ao coñecemento das sociedades do pasado.
  - Interesarse por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico.
- **Tratamento da información e competencia dixital**
  - Obter información a través de fontes de distinta natureza: cartográficas, iconográficas, textuais, etc.
  - Utilizar os buscadores para localizar información en Internet, seguindo un criterio específico.
  - Analizar datos cuantitativos de táboas e gráficas.
  - Relacionar, analizar, comparar e sintetizar a información procedente das distintas fontes traballadas.
- **Competencia en comunicación lingüística**
  - Interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.
  - Saber expresar axeitadamente as propias ideas e emocións, oralmente e por escrito.
  - Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial a descrición e a argumentación.
  - Defender o punto de vista persoal con argumentos coherentes e pertinentes.
  - Elaborar definicións dos conceptos estudados, utilizando a terminoloxía máis axeitada en cada caso.
  - escoitar, analizar e ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico.
- **Competencia matemática**
  - Interpretar escalas numéricas e gráficas.
  - Analizar e comparar a información cuantitativa de táboas, listaxes, gráficos e mapas.
  - Facer cálculos matemáticos sinxelos para comparar dimensións, calcular distancias e diferenzas horarias.
- **Competencia para aprender a aprender**
  - Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
  - Buscar explicacións multicausais para comprender un fenómeno e avaliar as súas consecuencias.
  - Anticipar posibles escenarios ou consecuencias das accións individuais e sociais.
  - Saber comunicar e expresar de forma efectiva os resultados do propio traballo.
  - Tomar conciencia do que se aprendeu e o que falta por aprender.

- **Autonomía e iniciativa persoal**

- Comprender as actividades presentadas e planificar a estratexia máis axeitada para resolvelas.
- Saber argumentar de forma lóxica e coherente os propios puntos de vista.
- Tomar decisións e saber escoller a maneira de recuperar a información máis axeitada en cada caso.
- Facer un seguimento das aprendizaxes realizadas.

#### 4. CONTIDOS: TEMPORALIZACIÓN E UNIDADES DIDÁCTICAS

---

Os contidos do Ámbito social “contribúen ao coñecemento do medio físico, dos espazos humanos, ao desenvolvemento da ciencia e a tecnoloxía, ao funcionamento económico e á evolución histórica da humanidade. Tratan saberes de diversas disciplinas: xeografía, historia, socioloxía, demografía, economía, ecoloxía, arte, arqueoloxía, etc.

Procuran favorecer a **comprensión dos acontecementos e os fenómenos sociais no contexto no que se producen, a análise dos procesos que dan lugar aos cambios históricos e á reflexión sobre experiencias colectivas de todos os tempos ata a actualidade cunha visión de futuro.**

Axudan a ter unha visión clara da importancia do comportamento económico, individual e colectivo das persoas na busca da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e organización dos bens e servizos e a distribución dos recursos”.

CUATRIMESTRE	AVALIACIÓN	CONTIDOS	
		BLOQUES	UNIDADES DIDÁCTICAS
1	1	<b>BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO</b>	1.1. A terra: ubicación, representación

			1.2. Componentes básicos e formas de relevo
			1.3. Medio físico de Galiza, España, Europa e o mundo
		<b>BLOQUE 2. O ESPAZO HUMANO</b>	2.1. A poboación en Galiza, España e Europa
			2.2. A organización territorial de Galiza, España e Europa
			2.3. Movementsos migratorios, asentamentos e proceso de urbanización
			2.4. Actividade humana: sistemas e sectores económicos e áreas produtivas
<b>1</b>	<b>2</b>	<b>BLOQUE 3. A HISTORIA</b>	3.1. A evolución das especies e a hominización
			3.2. A periodización na Prehistoria: Paleolítico e Neolítico
			3.3./3.5. Paleolítico, Neolítico, Prehistoria galega
			3.6. As primeiras manifestación culturais: restos materiais e artísticos (...)
			3.7. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política
			3.8. Idade Antiga: avances culturais e científicos, as primeiras relixións organizadas. A arte no mundo antigo.
			3.9. Mundo clásico: Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión. O imperio de Alexandre Magno e o helenismo

			3.10. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía
			3.11. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo
			3.12. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.
			3.13. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia.. O proceso de romanización.

CUATRIMESTRE	AVALIACIÓN	CONTIDOS	
		BLOQUES	UNIDADES DIDÁCTICAS
2	1	BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO	1.1. A terra: ubicación, representación
			1.2. Compoñentes básicos e formas de relevo
			1.3. Medio físico de Galiza, España, Europa e o mundo
		BLOQUE 2. O ESPAZO HUMANO	2.1. A poboación en Galiza, España e Europa
			2.2. A organización territorial de Galiza, España e Europa
			2.3. Movementsos migratorios, asentamentos e proceso de urbanización

			2.4. Actividade humana: sistemas e sectores económicos e áreas produtivas
2	2/final	<b>BLOQUE 3. A HISTORIA</b>	3.1. A evolución das especies e a hominización
			3.2. A periodización na Prehistoria: Paleolítico e Neolítico
			3.3./3.5. Paleolítico, Neolítico, Prehistoria galega
			3.6. As primeiras manifestación culturais: restos materiais e artísticos (...)
			3.7. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política
			3.8. Idade Antiga: avances culturais e científicos, as primeiras relixións organizadas. A arte no mundo antigo.
			3.9. Mundo clásico: Grecia: as “polis” gregas e a súa expansión. O imperio de Alexandre Magno e o helenismo
			3.10. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía
			3.11. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo
			3.12. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.
			3.13. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia.. O proceso de



			romanización.
--	--	--	---------------

## 5. UNIDADES DIDÁCTICAS E PRINCIPAIS CONCRECIÓNS CURRICULARES: OBJECTIVOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APREDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

### BLOQUE 1\_O MEDIO FÍSICO

UD1.1_ A terra: ubicación, representación			
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</p> <p>g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.</p> <p>h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.</p> <p>i) Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes en que esta se atopa, incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación, tratada de forma autónoma e crítica, e transmitila de maneira organizada e intelixible.</p>			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
1.1. A terra: ubicación, representación	B.1.1 Manexar todas as formas de representación do noso planeta en diferentes soportes e aplicacións.	B1.1.1 Localiza espazos xeográficos e lugares utilizando datos de coordenadas xeográficas en mapas convencionais e en versión dixital.	CD CMCT CAA
		B1.1.2 Comprende o funcionamento dos fusos horarios e practica coa axuda de aplicacións informáticas.	

UD1.2_ Compoñentes básicos e formas de relevo			
<p><b>Obxectivos:</b></p> <p>e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para</p>			

unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.

i) Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes en que esta se atopa, incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación, tratada de forma autónoma e crítica, e transmitila de maneira organizada e intelixible.

k) Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora, como elemento determinante da calidade de vida.

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
1.2. Compoñentes básicos e formas de relevo	B1.2 Describir e situar as formas de relevo e os compoñentes básicos do medio físico de Galicia, España, Europa e o mundo.	B1.2.1 Sitúa nos diferentes tipos de mapas físicos as principais unidades do relevo de Galicia, España, Europa e o mundo.	CAA CCL
		B1.2.2 Enumera e describe as características do relevo de Galicia, España, Europa e o mundo.	

### UD1.3\_ Medio físico de Galicia, España, Europa e o mundo

#### Obxectivos:

e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.

h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.

i) Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes en que esta se atopa, incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación, tratada de forma autónoma e crítica, e transmitila de maneira organizada e intelixible.

k) Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora, como elemento determinante da calidade de vida.

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
B1.3 Medio físico de Galicia, España, Europa e o mundo.	B1.3 Ubicar, analizar, e comparar os principais conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico galego, español, europeo e mundial.	B1.3.1 Interpreta mapas representativos dos principais conxuntos bioclimáticos de Galicia, España, Europa e o mundo.	CAA CCL CMCT CD
		B1.3.2 Compara as principais zonas climáticas seguindo cadeas argumentais.	CAA CCL CD

		B1.3.3 Descubre os rasgos distintivos de cada tipo de clima mediante explicacións que levan implícitas a interpretación de resultados matemáticos e científicos.	CAA CMCCT CD CCL
--	--	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------

## BLOQUE 2\_O ESPAZO HUMANO

### UD2.1 \_A poboación en Galicia, España e Europa

**Obxectivos:**

- e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.
- h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.
- i) Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes en que esta se atopa, incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación, tratala de forma autónoma e crítica, e transmitila de maneira organizada e intelixible.
- n) Entender a diversidade lingüística e cultural como un dereito dos pobos e dos individuos á súa identidade, e desenvolver unha actitude de interese e respecto para o exercicio deste dereito, en especial no referente ao uso da lingua galega.

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
B2.1 A poboación en Galicia, España e Europa.	B2.1 Analizar as características da poboación galega, española e europea.	B2.1.1 Describe as características da poboación europea e explica as pirámides de idade de Galicia e España.	CAA CCL
		B2.1.2 Interpreta os rasgos da poboación mediante táboas, gráficos e mapas en diferentes soportes convencionais e programas informáticos.	CMCT CD

### UD2.2 \_A organización territorial de Galicia, España e Europa

**Obxectivos:**

- e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.
- h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.
- i) Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes en que esta se atopa, incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación, tratala de forma autónoma e crítica, e transmitila de maneira organizada e intelixible.

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
B2.2 A organización territorial de Galicia, España e Europa.	B2.2 Coñecer a organización territorial de Galicia, España e Europa e localizala en mapas políticos.	B2.2.1 Comprende a organización territorial europea no contexto actual.	CAA CD
		B2.2.2 Le e elabora mapas políticos de Galicia, España e Europa.	CCL CSC

### UD2.3\_Movements migratorios, asentamentos e proceso de urbanización

#### Obxectivos:

- e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.
- h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.
- i) Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes en que esta se atopa, incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación, tratala de forma autónoma e crítica, e transmitila de maneira organizada e intelixible.

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
B2.3 Movements migratorios, asentamentos e proceso de urbanización.	B2.3 Deducir os trazos da poboación galega, española e europea en relación coa súa distribución, evolución, dinámica, migracións e políticas de poboación.	B2.3.1 Compara áreas de poboación segundo a súa distribución, evolución e dinámica.	CAA CCL CSC
		B2.3.2 Comprende as causas e consecuencias da evolución da demografía e os movements migratorios.	CAA CCL CSC

		B2.3.3 Describe a evolución de asentamentos humanos ó longo da historia e razoa o proceso de urbanización, ubicando as grandes áreas urbanas de Galicia, España e Europa.	CAA CMCCT CD CCL
--	--	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------

UD2.4_Actividade humana: sistemas e sectores económicos e áreas produtivas			
<b>Obxectivos:</b>			
<p>e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</p> <p>g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.</p> <p>h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.</p> <p>i) Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes en que esta se atopa, incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación, tratada de forma autónoma e crítica, e transmitila de maneira organizada e intelixible.</p> <p>j) Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos de coñecemento e de experiencia, mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o proceso seguido.</p> <p>l) Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no medio físico e social.</p>			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
B2.4 Actividade humana: sistemas e sectores económicos e áreas produtivas.	B2.4 Deducir os recursos naturais dispoñibles, a súa ubicación, o modo de extracción e a utilidade a partir da propia experiencia e as informacións dos medios de comunicación.	B2.4.1 Enumera e localiza os principais recursos naturais de Galicia, España e Europa.	CAA CD CCL CSC
		B2.4.2 Explica con axuda de representacións a actividade humana necesaria para obter os recursos naturais.	
		B2.4.3 Razona os criterios adoptados na toma de decisións, para ofrecer propostas de uso sostible dos recursos naturais nun contexto dado, e a repercusión na riqueza da zona.	
B2.5 Sectores económicos.	B2.5 Razonar a relación entre os sectores económicos e as actividades humanas de produción coa axuda de mapas, gráficos, táboas e	B2.5.1 Elabora mapas conceptuais coa estrutura fundamental dos sectores económicos.	CD CCL CSC

	outras fontes que reflicten os recursos e a produción dos tres sectores produtivos.	B2.5.2 Analiza comparativamente mapas das principais zonas produtoras e dos sectores predominantes nas distintas rexións.	CMCCT CD CCL
		B2.5.3 Coñece e valora as aportacións dos últimos avances tecnolóxicos e as relaciona co benestar da humanidade.	CAA CMCCT CD CSC
B2.6 Áreas económicas.	B2.6 Valorar a estrutura de produción, de asignación de recursos, distribución e consumo de bens e servizos nunha área e relacionar isto coas consecuencias do predominio dun determinado sector na zona	B2.6.1 Comprende a relación entre os elementos dos grandes sistemas económicos: necesidades humanas, actividades económicas, sistemas produtivos e problemas económicos.	CAA CMCCT CD
		B2.6.2 Expón a valoración comparativa dos diferentes sistemas económicos a partir da información seleccionada no formato que considere máis axeitado. Fai unha relación entre factores económicos e políticos.	CAA CMCCT CD CCL CSC
		B2.6.3 Expón o funcionamento do comercio, sinalando os organismos implicados despois dun proceso de investigación realizado coa axuda das tecnoloxías da información e da comunicación.	CAA CMCCT CD CCL CSC

### BLOQUE 3\_ A HISTORIA

#### UD3.1/3.2\_Hominización e periodización na Prehistoria

##### Obxectivos:

- a) Formar unha imaxe adecuada de si mesmos; das súas características e posibilidades, valorando a súa experiencia, o esforzo e a superación das dificultades.
- e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para

unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.  
f) Desenvolver ou consolidar o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

Contidos	Critérios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
B3.1 A evolución das especies e a hominización.	B3.1 Entender o proceso de hominización.	B3.1.1 Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.	CAA CMCCT
B3.2 A periodización na Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.	B3.2 Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.	B3.2.1 Distingue etapas históricas polos seus trazos fundamentais.	CSC CMCCT
		B3.2.1 Interpreta diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	CSC CMCCT CAA

### UD3.3/3.5\_ Paleolítico, Neolítico e Prehistoria galega

#### Obxectivos:

- b) Mostrar actitudes solidarias e tolerantes, valorando as situacións en que se deben realizar proxectos comúns e rexeitando todo tipo de discriminacións debidas á raza, ao sexo, á clase social, ás crenzas e a outras características individuais, sociais e culturais.
- c) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensamento e iniciativa.
- e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.
- k) Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora, como elemento determinante da calidade de vida.
- m) Coñecer e apreciar o patrimonio natural e cultural, especialmente o de Galicia, e contribuír activamente á súa conservación e mellora.

Contidos	Critérios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
B3.3 Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores. B3.4 Neolítico: revolución agraria e	B3.3 Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.	B3.3.1 Explica, a través dun esquema comparativo, a diferenza entre os dous períodos en que se divide a Prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.	CSC CCL CAA

expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social. B3.5 Prehistoria galega: megalitos e petróglifos.		B3.3.2 En relación ás primeiras actividades e de cara ás subseguintes, planifica, revisa e avalía o seu propio proceso de elaboración do coñecemento histórico.	CAA
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----

### UD3.6\_3.6 As primeiras manifestacións culturais

**Obxectivos:**

- c) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensamento e iniciativa.
- e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.
- i) Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes en que esta se atopa, incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación, tratada de forma autónoma e crítica, e transmitida de maneira organizada e intelixible.
- l) Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no medio físico e social.

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
B3.6 As primeiras manifestacións culturais: restos materiais e artísticos; pintura e escultura. As primeiras descubertas e invencións. Os primeiros ritos relixiosos.	B3.4 Interpretar a evolución histórica da humanidade relacionando factores naturais, sociais, políticos, económicos e culturais.	B3.4.1 Expón en formato multimedia a aparición das primeiras descubertas e invencións da humanidade, xunto ás súas consecuencias.	CSC CCEC CCL CD CAA

### UD3.7\_ B3.7 Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas

**Obxectivos:**

- b) Mostrar actitudes solidarias e tolerantes, valorando as situacións en que se deben realizar proxectos comúns e rexeitando todo tipo de discriminacións debidas á raza, ao sexo, á clase social, ás crenzas e a outras características individuais, sociais e culturais.
- c) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensamento e iniciativa.
- e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para



unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.

k) Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora, como elemento determinante da calidade de vida.

o) Valorar as consecuencias dos actos e decisións persoais na saúde individual e colectiva, e os beneficios que supoñen os hábitos saudables.

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
B3.7 Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política.	B3.5 Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do Neolítico.	B3.5.1 Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.	CSC CCL

### UD3.8\_ Idade Antiga: avances culturais e científicos, as primeiras relixións organizadas. A arte no mundo antigo

#### Obxectivos:

c) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensamento e iniciativa.

e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.

i) Obter e seleccionar información utilizando as diferentes fontes en que esta se atopa, incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e da comunicación, tratada de forma autónoma e crítica, e transmitila de maneira organizada e intelixible.

j) Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos de coñecemento e de experiencia, mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o proceso seguido.

l) Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no medio físico e social.

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
B3.8 Idade Antiga: avances culturais e científicos, as primeiras	B3.6 Recoñecer a importancia das novas descubertas, interpretando	B3.6.1 Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).	CSC CAA

relixións organizadas. A arte no mundo antigo.	a evolución histórica da humanidade.	B3.6.2 Identifica os rasgos distintivos das primeiras civilizacións, e valora o seu legado cultural	CSC CMCCT CCEC CCL
------------------------------------------------	--------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------

### UD3.9\_Mundo clásico. Grecia

**Obxectivos:**

- b) Mostrar actitudes solidarias e tolerantes, valorando as situacións en que se deben realizar proxectos comúns e rexeitando todo tipo de discriminacións debidas á raza, ao sexo, á clase social, ás crenzas e a outras características individuais, sociais e culturais.
- c) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensamento e iniciativa.
- e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.
- k) Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora, como elemento determinante da calidade de vida.
- o) Valorar as consecuencias dos actos e decisións persoais na saúde individual e colectiva, e os beneficios que supoñen os hábitos saudables.

Contidos	Critérios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
B3.9 Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión. O imperio de Alexandre Magno e o helenismo.	B3.7 Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.	B3.7.1 Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos.	CSC CAA
		B3.7.2 Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.	CSC CCL CAA CSIEE
		B3.7.3 Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo, identificando a confluencia no tempo de diversas culturas en diferentes lugares.	CSC CAA
		B3.7.4 Elabora un mapa do imperio de Alexandre Magno.	

### UD3.10\_Mundo clásico. Grecia e o helenismo

**Obxectivos:**

- c) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensamento e iniciativa.
- e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- f) Desenvolver ou consolidar o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.
- j) Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos de coñecemento e de experiencia, mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o proceso seguido.
- l) Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no medio físico e social.

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
B3.10 Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía.	B3.8 Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.	B3.8.1 Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.	CSC CCEC CCL
		B3.8.2 Dá exemplos representativos das áreas do saber grego e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.	CSC CCEC CMCCT CAA CCL

### UD3.11\_ Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma

#### Obxectivos:

- c) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensamento e iniciativa.
- e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- f) Desenvolver ou consolidar o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.
- o) Valorar as consecuencias dos actos e decisións persoais na saúde individual e colectiva, e os beneficios que supoñen os hábitos saudables.
- m) Coñecer e apreciar o patrimonio natural e cultural, especialmente o de Galicia, e contribuír activamente á súa conservación e mellora.

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
----------	----------------------	------------------------	--------------

B3.11 Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo.	B3.9 Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.	B3.9.1 Elabora unha liña cronolóxica que conteña as distintas etapas da civilización romana, seleccionando os feitos fundamentais que teñen lugar nelas.	CSC CAA
		B3.9.2 Analiza as institucións romanas e identifica a súa influencia e pervivencia na actualidade.	CSC CAA CSIEE CCL

### UD3.12\_Mundo clásico. Arte romana

#### Obxectivos:

- c) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensamento e iniciativa.
- d) Valorar criticamente as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio e doutros existentes, discernindo a súa validez.
- e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- h) Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación tanto no ámbito cultural como laboral.
- j) Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos de coñecemento e de experiencia, mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o proceso seguido.
- l) Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no medio físico e social.

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
B3.12 Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.	B3.10 Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando os que son específicos.	B3.10.1 Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.	CSC CCEC CAA CCL

### UD3.13\_Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. O proceso de romanización.

#### Obxectivos:

- c) Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais, con liberdade de pensamento e iniciativa.

- e) Desenvolver e consolidar hábitos de estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- g) Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade nas linguas galega e castelá e nunha lingua estranxeira, utilizándoas para a participación activa e plena na sociedade.
- k) Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora, como elemento determinante da calidade de vida.
- o) Valorar as consecuencias dos actos e decisións persoais na saúde individual e colectiva, e os beneficios que supoñen os hábitos saudables.
- m) Coñecer e apreciar o patrimonio natural e cultural, especialmente o de Galicia, e contribuír activamente á súa conservación e mellora.

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Competencias
B3.13 Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. O proceso de romanización.	B3.11 Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.	B3.11.1 Elabora, en formato multimedia, unha liña cronolóxica que indique as fases da romanización da Península Ibérica.	CSC CAA CD
		B3.11.2 Emprega Tecnoloxías da Información e da Comunicación para investigar exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.	CSC CCEC CAA CD
		B3.11.3 Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.	CSC CCEC

## 6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

As **propostas didácticas** para o ensino e a aprendizaxe deste Ámbito Social han de enfocarse a dotar á persoa de ferramentas que lle permitan levar a bo termo proxectos persoais e profesionais, individuais e colectivos, similares aos posibles retos presentes e futuros da súa vida diaria. En todo momento débese ter presente o compoñente social do proceso de aprendizaxe e deberán aproveitarse todas as oportunidades para formar ao individuo en aptitudes de cooperación e de comunicación con persoas da súa contorna, que favorezan a adquisición de condutas asertivas e colaborativas. Así mesmo, é necesario que se expoñan **proxectos que contribúan a que o alumnado desenvolva unha imaxe axustada de si mesmo e do contorno no que se desenvolve, identifique necesidades e intereses propios e alleos e**

**satisfágaos, pense e acometa plans persoais, académicos e laborais.** As tarefas e as actividades contidas nos proxectos presentarán exercicios de reflexión, que potencien procesos de pensamento complexos e a análise de feitos e situacións, para detectar causas, implicacións e consecuencias.

Deben facilitarse instrucións para aprender a observar, recoñecer, examinar, analizar, discernir, considerar, estudar, sintetizar, expresar, explicar, representar e expoñer de maneira coherente emocións, pensamentos, experiencias e ideas. Ter en conta as instrucións axudará ao alumno para ser máis capaz de atender, concentrarse, autorregularse, escoitar activamente, empregar a linguaxe interna, meditar, deliberar, especular, cooperar e axuizar para resolver problemas reais. Os procesos emprenderanse empregando servizos e recursos humanos e materiais, ao alcance do alumno na súa vida cotiá a través da oferta de entidades, institucións e administracións públicas e privadas.

As **tecnoloxías da información e a comunicación**, usadas como ferramentas de traballo nos procesos de aprendizaxe, serán fundamentais para facilitar ao alumnado o acceso ao currículo e a resolución de problemas de aprendizaxe. Doutra banda, as novas tecnoloxías constituiranse en contidos esenciais dos proxectos polo seu importante destacada na sociedade actual.

## **7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

---

A ensinanza a distancia ten unhas características propias que a singularizan dentro do conxunto das ensinanzas regradas. Entre unha das estratexias de aprendizaxe que se propoñen atópanse:

- A retroalimentación como estratexia de avaliación formativa.
- A metodoloxía da aula virtual é unha proposta moi interesante porque posibilita o control da aprendizaxe por parte do propio estudante. A aula virtual permítelle ao estudante amosar os seus progresos no desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, polo tanto permite a coavaliación.

- O foro como estratexia de avaliación sumativa.

A respecto da retroalimentación como estratexia de avaliación formativa considérase como unha comunicación descritiva continua que facilita información ao estudante ou ao grupo sobre como son os seus avances ou progresos ao comezo e durante e ao final do desenvolvemento dos procesos de ensino e de aprendizaxe.

O foro como ferramenta de avaliación está dirixido á autoavaliación e á coavaliación, xa que permite desenvolver un tema específico, o cal os estudantes irán nutrindo e xerando un debate coas diferentes formulacións e intervencións que realicen. Estes serán moderados polo profesor que conducirá as intervencións cara ao propósito avaliativo, o cal xa foi negociado con anterioridade cos estudantes. Establecendo os criterios de avaliación con claridade e precisión do que se espera lograr.

A aula virtual é un recurso en que mostra a natureza evolutiva do desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, brinda a oportunidade para reflexionar sobre o crecemento do estudante. Proporciona evidencia do coñecemento, as habilidades e as disposicións de quen o elabora e reflicte o que se quere aprender e o xa aprendido. É a historia dos procesos de ensino e aprendizaxe de cada estudante. Nel alóxanse todas actividades realizadas polos estudantes e obsérvanse os cambios evolutivos dos procesos.

Estas estratexias brindan autonomía e requiren do desenvolvemento de competencias comunicativas, unha estrutura do proceso avaliativo que se constrúa en base ao diálogo para que se establezan compromisos pedagóxicos que posibiliten o éxito do estudante a distancia. O uso das tecnoloxías permite a interdependencia, a interacción inmediata, mediata, oportuna e pertinente. Requiren de planificación, claridade e precisión. A formulación de criterios e do que se quere avaliar e pretende avaliar en cada unha das actividades.

Ademais, proporcionaremos ao alumnado material complementario, a través da aula virtual, como resumos, vídeos, gráficas, mapas, mapas conceptuais, presentacións,... etc., que faciliten o traballo e a comprensión da materia de cada unidade. Cómpre destacar especialmente todos os recursos estritamente educativos ou outros relacionados coas materias, que presenta internet. O papel da profesora será animar a indagar e afondar en

internet polos diferentes contidos do curso, así como establecer unhas orientacións básicas que axuden ás/aos alumnas/os a non perderse nesa enorme fonte de información. Insistirase neste eido na busca de que o alumno se converta no principal protagonista do proceso educativo, desenvolvendo a competencia de aprender a aprender, utilizando distintos recursos e fontes xeográficas e históricas.

## 8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

---

Os **criterios de avaliación** están formulados de maneira que permitan valorar o grao de consecución de cada unha das competencias en relación aos contidos do Ámbito Social. Teñen o propósito de guiar a análise das posibilidades que ten cada alumno e alumna para coñecer, comprender e interactuar dun modo positivo, para si mesmo/a e para os demais, co mundo social. Isto implica: actuar con autonomía e responsabilidade; comprender, interpretar e describir o mundo e valoralo; ser consciente do impacto da evolución histórica no mundo actual; asociar eventos coas súas causas e consecuencias; utilizar os recursos máis habituais para buscar información e resolver problemas; tomar conciencia e comprender os valores implícitos no benestar individual e colectivo, comprometerse e participar nas contornas próximas e afastadas de acordo con devanditos valores.

### Avaliación

Ao ser un ensino a distancia, boa parte do protagonismo do proceso de ensinanza-aprendizaxe recaerá no propio alumnado. É de importancia vital que o alumnado estea en contacto co profesor nas horas de **Titoría Multimedia** ou que cando menos acceda dunha forma periódica á **Aula Virtual** para consultar toda a información que o profesor vaia incorporando.

Con todo, ao longo do cuadrimestre, realizaranse unha serie de **probos obxectivos** (2 exames ordinarios e un extraordinario ) que constituirán o **100% da nota final da/o alumna/o**.



Os traballos (en caso de colgalos na web o profesorado) serán de carácter voluntario , e que as alumnas e alumnos deberán entregar nas datas indicadas ao longo do curso, e contarán na nota final se hai dúbidas.

De non superaren a proba obxectiva da primeira avaliación, as/os alumnas/os terán que examinarse de toda a materia na segunda avaliación ou final. De aprobar, **a nota final obterase da media das dúas probas obxectivas realizadas durante o cuadrimestre.**

As probas obxectivas consistirán nunha serie de preguntas a responder polo alumnado. Ditas preguntas poderán variar no que a extensión e puntuación se refire.

“A avaliación será continua, terá carácter formativo e estará integrada no proceso formativo de maneira sistemática. Haberá unha avaliación escrita ao rematar cada un dos bloques de contidos que integran cada módulo, dentro dos tres ámbitos de coñecemento. Inmediatamente antes da realización da avaliación do segundo bloque , haberá unha proba de recuperación do primeiro para aquel alumnado que obtivese avaliación negativa nel. Unha vez realizada a avaliación do segundo bloque en caso de que esta resultase negativa, o alumnado poderá realizar unha proba de recuperación do bloque segundo”. (art.8. Circular 5/2016)

### Criterios de cualificación

ACTIVIDADES AVALIADORAS	NÚMERO MÍNIMO POR AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA NOTA DA AVALIACIÓN
1. EXAMES: Abertos ou de redacción Pechados	1	100%
2. TRABALLOS: Voluntarios - Exercicios e actividades propostas poloa profesora. - Exercicios complementarios colgados pola profesora na aula virtual.		Valorarase positivamente a súa realización, á hora de decidir en caso de dúbida
3. EXPRESIÓN ESCRITA, presentación e faltas de ortografía		Non resta puntuación. Será valorada positivamente, á hora de decidir en caso de dúbida.

**Os exames versarán sobre todos os contidos e actividades realizadas no período que se avalíe. Precisarase un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada proba escrita para poder superar a avaliación.**

**En caso de que o profesorado colgue traballos voluntarios na Aula Virtual, considerarase como actitude positiva a entrega puntual dos mesmos na data establecida polo profesorado. A entrega posterior a esta data fixada dos traballos voluntarios non será admitida.**

### **Mínimos esixibles**

1. Identificar os movementos da Terra e as súas consecuencias.
2. Realizar cálculos sinxelos sobre a hora que é nun determinado momento no noso planeta.
3. Identificar os trazos fundamentais dun mapa como representación da superficie terrestre.
4. Aplicar a situacións concretas os conceptos de escala, lonxitude e latitude
5. Identificar os tipos fundamentais de bioclimas no planeta e na nosa comunidade.
6. Interpretar adecuadamente climogramas sinxelos.
7. Identificar os principais elementos do relevo terrestre.
8. Identificar e situar os principais elementos do relevo de Galicia.
9. Aplicar os conceptos de taxa de natalidade e de mortalidade, e densidade de poboación a situacións concretas.
10. Identificar as actividades económicas de cada un dos sectores económicos. Valorar a importancia de cada un deles en España.
11. Valorar a importancia de ríos e mares para o noso benestar e riqueza e a necesidade de coidalos e respectalos.
12. Valorar a importancia dos movementos migratorios.
13. Interpretar e comentar os distintos tipos de pirámides de poboación.
14. Identificar os rasgos máis destacados da poboación en España e en Galicia.
15. Identificar os aspectos máis destacados do proceso de urbanización e as características distintivas do urbanismo no mundo desenvolvido e subdesenvolvido.
16. Identificar os principais tipos de cidade.
17. Diferenciar os tipos de materias primas e fontes de enerxía.

### **Procedementos de avaliación**

A avaliación do alumnado basearase no seguinte:

- Cada semana, a profesora indicará na aula virtual unha orientación do tema a traballar nesa semana. Como a ensinanza é a distancia, o alumnado poderá distribuír os contidos segundo

quixer, mais a tarefa da profesora será ir guiando nunha distribución o máis axeitadamente dos contidos e actividades ao longo do curso. Deste xeito, a profesora achegará ó alumnado unha serie de actividades voluntarias sobre o tema tratar.

- Ao final de cada cuadrimestre, o/a profesor/a desenvolverá unha proba escrita sobre as unidades didácticas traballadas nese tempo.

## Instrumentos de avaliación

Para poder avaliar a consecución dos obxectivos e o dominio das competencias básicas de cada módulo, a profesora contará:

1. A participación activa das/os alumnas/os na aula virtual, as consultas a través da propia aula, do foro disposto na web, etc.
2. O resultado das dúas probas escritas, unha por cada avaliación, que todas as alumnas/os deberán desenvolver ao longo do cuadrimestre.

## Criterios de avaliación

Relación dos CONTIDOS cos CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN
<b>BLOQUE 1. O MEDIO FÍSICO</b>	
B1.1 A terra: ubicación, representación.	B.1.1 Manexar todas as formas de representación do noso planeta en diferentes soportes e aplicacións.
B1.2. Compoñentes básicos e formas de relevo.	B1.2. Describir e situar as formas de relevo e os compoñentes básicos do medio físico de Galiza, España, Europa e o mundo.
B1.3. Medio físico de Galiza, España, Europa e o mundo.	B1.3. Ubicar, analizar, e comparar os principios conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico galego, español, europeo e mundial.
<b>BLOQUE 2. A ACTIVIDADE ECONÓMICA</b>	
B2.1. A actividade económica.	B2.1. Analizar as características da actividade económica
B2.2. Os sectores económicos	B2.2. Distinguir os sectores económicos, a súa evolución e distribución. Razoar a relación entre os sectores económicos

	e as actividades humanas de produción
B2.3. O sector primario	B2.3. Analizar e valorar o sector primario.
B2.4. O sector secundario	B2.4. Deducir os recursos naturais dispoñibles, a súa ubicación, o modo de extracción e a utilidade no sector secundario.
B2.5. O sector terciario	B2.6. Valorar a distribución e consumo de bens e servizos nas áreas máis dinámicas con respecto ás menos dinámicas.
<b>BLOQUE 3. A HISTORIA</b>	
B3.1. A evolución das especies e a hominización.	B3.1. Entender o proceso de hominización.
B3.2. A periodización na Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.	B3.2. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.
B3.3. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores. ▪ B3.4. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social. ▪ B3.5. Prehistoria galega: megalitos e petróglifos.	B3.3. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.
B3.6. As primeiras manifestacións culturais: restos materiais e artísticos; pintura e escultura. As primeiras descubertas e invencións. Os primeiros ritos relixiosos.	B3.6. Interpretar a evolución histórica da humanidade relacionando factores naturais, sociais, políticos, económicos e culturais.
B3.7. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política.	B3.7. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do Neolítico.
B3.8. Idade Antiga: avances culturais	B3.8. Recoñecer a importancia das novas descubertas,

e científicos, as primeiras relixións organizadas. A arte no mundo antigo.	interpretando a evolución histórica da humanidade.
B3.9. Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión. O imperio de Alexandre Magno e o helenismo.	B3.9. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.
B3.10. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía.	B3.10. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.
B3.11. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo.	B3.11. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.
B3.12. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.	B3.12. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos.
B3.13. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. O proceso de romanización.	B3.13. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.

## 9. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os **estándares de aprendizaxe** propoñen “comprender, interpretar textos e comunicar, mediante unha linguaxe multimodal en diferentes sistemas de representación, o coñecemento académico e científico procesado e elaborado, destacando aspectos básicos da comunicación, a exposición, o diálogo e a argumentación. Especifican accións clave do proceso de elaboración persoal do coñecemento e a investigación, tales como observar, analizar, diferenciar, estruturar, coñecer, describir, sintetizar, investigar, relacionar, asociar, cuestionarse, explicar, interpretar, deducir, demostrar, etc. Inclúen o uso responsable e eficaz das novas tecnoloxías para buscar e xestionar información, empregar técnicas de

estudo e traballo, resolver problemas e aplicar o coñecemento. O seu logro implica a mellora do benestar individual do alumno e achegas importantes ao ben común, porque leva a actuacións responsables, ao xuízo crítico baseado en valores positivos e ao desenvolvemento moral”.

No apartado 4 está desenvolvida a temporalización de cada estándar por UD, así como a súa relación con outros elementos curriculares básicos. En relación aos procedementos e instrumentos de avaliación, están desenvolvidos no apartado 8 desta programación.

Neste apartado relaciono especificamente os estándares de aprendizaxe cos criterios e establezo un grao mínimo de consecución destes por parte do alumnado como indicadores do seu logro.

**BLOQUE 1\_O MEDIO FÍSICO**

UD1.1_ A terra: ubicación, representación			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución
1.1. A terra: ubicación, representación	B.1.1 Manexar todas as formas de representación do noso planeta en diferentes soportes e aplicacións.	B1.1.1 Localiza espazos xeográficos e lugares utilizando datos de coordenadas xeográficas en mapas convencionais e en versión dixital.	Localiza nun mapa lugares xeográficos a partir das súas coordenadas
		B1.1.2 Comprende o funcionamento dos fusos horarios e practica coa axuda de aplicacións informáticas.	Calcula horarios en diferentes puntos xeográficos a partir dos fusos horarios

UD1.2_ Compoñentes básicos e formas de relevo			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución
1.2. Compoñentes básicos e formas	B1.2 Describir e situar as formas de relevo e os compoñentes básicos do medio	B1.2.1 Sitúa nos diferentes tipos de mapas físicos as principais unidades do relevo de Galicia, España, Europa e o mundo.	Sitúa nun mapa mudo de relevo mundial, nacional e galego as principais unidades de relevo

de relevo	físico de Galicia, España, Europa e o mundo.	B1.2.2 Enumera e describe as características do relevo de Galicia, España, Europa e o mundo.	Describe as principais características do relevo a nivel mundial, nacional e galego
-----------	----------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------

UD1.3_ Medio físico de Galicia, España, Europa e o mundo			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución
B1.3 Medio físico de Galicia, España, Europa e o mundo.	B1.3 Ubicar, analizar, e comparar os principais conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico galego, español, europeo e mundial.	B1.3.1 Interpreta mapas representativos dos principais conxuntos bioclimáticos de Galicia, España, Europa e o mundo.	Localiza as principais zonas bioclimáticas
		B1.3.2 Compara as principais zonas climáticas seguindo cadeas argumentais.	Identifica as principais características das zonas bioclimáticas
		B1.3.3 Descubre os rasgos distintivos de cada tipo de clima mediante explicacións que levan implícitas a interpretación de resultados matemáticos e científicos.	Describe as características básicas dos principais tipos de clima e climogramas sinxelos

## BLOQUE 2\_A ACTIVIDADE ECONÓMICA

UD2.1 _A actividade económica			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución
B2.1 A actividade económica	B2.1 Analizar as características da actividade económica.	B2.1.1 Describe as características da actividade económica.	Describe as características principais da actividade económica
		B2.1.2 Interpreta os rasgos característicos da actividade económica	Interpreta os principais rasgos da actividade económica a partir de imaxes.

UD2.2_ Os sectores económicos			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución

B2.2 Os sectores económicos	B2.2 Distinguir os sectores económicos. Razoar a relación entre os sectores económicos e as actividades humanas de produción	B2.2.1 Comprende a distribución dos sectores económicos no mundo	Identifica a distribución dos sectores económicos en Europa.
		B2.2.2 Clasifica os sectores industriais nos distintos continentes.	Identifica os sectores industriais en Europa .

UD2.3_Movements migratorios, asentamentos e proceso de urbanización			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución
B2.3 Sector Primario	B2.3 Deducir os trazos do sector primario español e europea en relación coa súa distribución	B2.3.1 Compara áreas do sector primario español	Identifica as distintas zonas españolas con predominio do sector primario
		B2.3.2 Comprende as causas e consecuencias da evolución do sector primario español	Comprende os rasgos principais da evolución do sector primario español
		B2.3.3 Describe a evolución do sector primario en España	Describe os principais factores da evolución do sector primario en España.

UD2.4_Actividade humana: sistemas e sectores económicos e áreas produtivas			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución
B2.4. Sector Secundario	B2.4 Deducir os recursos naturais dispoñibles, a súa ubicación, o modo de extracción e a utilidade no sector secundario	B2.4.1 Enumera e localiza os principais recursos naturais de Galicia, España e Europa.	Cita e localiza algúns dos principais recursos naturais de Galicia, España e Europa utilizados no sector secundario
		B2.4.2 Explica con axuda de representacións a actividade humana necesaria para obter os recursos naturais.	Describe a actividade humana necesaria para obter os recursos naturais empregados no sector secundario



		B2.4.3 Razona os criterios adoptados na toma de decisións, para ofrecer propostas de uso sostible dos recursos naturais nun contexto dado, e a repercusión na riqueza da zona.	Identifica e valora as diferentes propostas de uso sostible dos recursos naturais e as súas consecuencias medioambientais
B2.5 Sector terciario.	B2.5 Razoar a relación entre as distintas actividades do sector terciario	B2.5.1 Elabora mapas conceptuais coa estrutura do sector terciario.	Describe os sector terciario e as súas principais características
		B2.5.2 Analiza comparativamente actividades do sector terciario predominantes nas distintas rexións españolas.	Identifica nun mapa actividades do sector terciario predominantes por rexións
		B2.5.3 Coñece e valora as aportacións dos últimos avances tecnolóxicos e as relaciona co benestar da humanidade.	Valora as aportacións tecnolóxicas nos sectores para a mellora do benestar humano

### BLOQUE 3\_ A HISTORIA

#### UD3.1/3.2\_ Hominización e periodización na Prehistoria

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución
B3.1 A evolución das especies e a hominización.	B3.1 Entender o proceso de hominización.	B3.1.1 Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.	Recoñece os principais cambios evolutivos no proceso de hominización
B3.2 A periodización na Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.	B3.2 Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.	B3.2.1 Distingue etapas históricas polos seus trazos fundamentais.	Distingue as principais etapas da Prehistoria e os seus rasgos principais
		B3.2.1 Interpreta diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	Interpreta eixes cronolóxicos cas principais etapas da Prehistoria

#### UD3.3/3.5\_ Paleolítico, Neolítico e Prehistoria galega

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución
B3.3 Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores.	B3.3 Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.	B3.3.1 Explica, a través dun esquema comparativo, a diferenza entre os dous períodos en que se divide a Prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.	Compara e explica polos seus rasgos os dos grandes períodos da Prehistoria
B3.4 Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social. B3.5 Prehistoria galega: megalitos e petróglifos.		B3.3.2 En relación ás primeiras actividades e de cara ás subseguintes, planifica, revisa e avalía o seu propio proceso de elaboración do coñecemento histórico.	Coñece as principais características da vida humana en cada período da Prehistoria

#### UD3.6\_3.6 As primeiras manifestacións culturais

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución
B3.6 As primeiras manifestacións culturais: restos materiais e artísticos; pintura e escultura. As primeiras descubertas e invencións. Os primeiros ritos relixiosos.	B3.4 Interpretar a evolución histórica da humanidade relacionando factores naturais, sociais, políticos, económicos e culturais.	B3.4.1 Expón en formato multimedia a aparición das primeiras descubertas e invencións da humanidade, xunto ás súas consecuencias.	Identifica, a partir de fontes multimedia propostas, a aparición das primeiras invencións da humanidade e é capaz de establecer relacións sobre as súas consecuencias

#### UD3.7\_ B3.7 Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución
----------	----------------------	------------------------	-------------------------

B3.7 Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política.	B3.5 Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do Neolítico.	B3.5.1 Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.	Describe as principais formas de organización social, económica e política dentro das primeiras civilizacións de Mesopotamia e Exipto
-----------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

### UD3.8\_ Idade Antiga: avances culturais e científicos, as primeiras relixións organizadas. A arte no mundo antigo

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución
B3.8 Idade Antiga: avances culturais e científicos, as primeiras relixións organizadas. A arte no mundo antigo.	B3.6 Recoñecer a importancia das novas descubertas, interpretando a evolución histórica da humanidade.	B3.6.1 Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).	Identifica e valora a importancia das fontes prehistóricas e históricas.
		B3.6.2 Identifica os rasgos distintivos das primeiras civilizacións, e valora o seu legado cultural	Identifica os principais rasgos das primeiras civilizacións antigas e valora o seu legado

### UD3.9\_ Mundo clásico. Grecia

Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución
B3.9 Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión. O imperio de Alexandre Magno e o helenismo.	B3.7 Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.	B3.7.1 Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos.	Describe os principais rasgos da organización socio-política e económica das polis
		B3.7.2 Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais.	Establece relacións de similitudes e diferenzas entre a democracia grega e as actuais
		B3.7.3 Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo, identificando a confluencia no tempo de diversas culturas en diferentes lugares.	Identifica as principais colonias gregas do Mediterráneo e a amplitude do imperio de A. Magno
		B3.7.4 Elabora un mapa do imperio de Alexandre Magno.	

UD3.10_Mundo clásico. Grecia e o helenismo			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución
B3.10 Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía.	B3.8 Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.	B3.8.1 Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.	Recoñece as principais características da arte grega e a súa influencia
		B3.8.2 Dá exemplos representativos das áreas do saber grego e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.	Establece relacións entre os principais elementos da cultura grega clásica e a occidental.

UD3.11_Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución
B3.11 Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo.	B3.9 Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.	B3.9.1 Elabora unha liña cronolóxica que conteña as distintas etapas da civilización romana, seleccionando os feitos fundamentais que teñen lugar nelas.	Identifica as principais etapas da evolución da historia de Roma
		B3.9.2 Analiza as institucións romanas e identifica a súa influencia e pervivencia na actualidade.	Describe e caracteriza as principais institucións romanas e relaciona a súa influencia na cultura occidental

UD3.12_Mundo clásico. Arte romana			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución

B3.12 Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.	B3.10 Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando os que son específicos.	B3.10.1 Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana.	Establece comparacións entre as principais obras na arquitectura e escultura da arte grega e romana
----------------------------------------------------------------------	--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------------------------------------

UD3.13_Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. O proceso de romanización.			
Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo consecución
B3.13 Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. O proceso de romanización.	B3.11 Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente.	B3.11.1 Elabora, en formato multimedia, unha liña cronolóxica que indique as fases da romanización da Península Ibérica.	Describe as principais fases da romanización da PI a partir dun eixe cronolóxico
		B3.11.2 Emprega Tecnoloxías da Información e da Comunicación para investigar exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade.	Identifica o legado romano na contorna máis próxima a través do uso das TIC
		B3.11.3 Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos.	Identifica rasgos da romanización en distintos ámbitos e valora a súa repercusión

## 10. INDICADORES DE LOGRO PARA A AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE E DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

O profesor/a cando avalíe o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe fará unha reflexión sobre os seguintes puntos:

- Planificación
- Motivación do alumnado (dentro das dificultades do ensino a distancia)
- Desenvolvemento do ensino-aprendizaxe
- Proceso de ensino e a práctica docente

Para esta reflexión e avaliación empregaranse os indicadores que constan nos seguintes rexistros, tendo en conta que estamos ante unha oferta educativa a distancia:

	<b>INDICADORES</b>	<b>VALORACIÓN</b>	<b>PROPOSTA DE MELLORA</b>
<b>PLANIFICACIÓN</b>	Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.		
	Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.		
	Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación da aula virtual.		
	Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.		
	Planifica a materia de modo flexíbel, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.		
	Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.		
	Coordínase co profesorado doutros departamentos .		

	<b>INDICADORES</b>	<b>VALORACIÓN</b>	<b>PROPOSTA DE MELLORA</b>
<b>MOTIVACIÓN DO ALUMNADO</b>	Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.		
	Plantexa situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates e diálogos a través do foro...).		
	Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.		

	Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.		
	Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado (tendo en conta que é a distancia).		
	Estimula a participación activa dos estudantes na aula (foro, chat, tutorías...)		
	Promove a reflexión dos temas tratados.		

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
<b>DESENVOLVEMENTO DO ENSINO</b>	Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas		
	Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posíbel, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...		
	Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías a través das diferentes canles dispoñíbeis: tutorías multimedia, presenciais, vía telefónica.		
	Optimiza o tempo dispoñíbel para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.		
	Utiliza recursos web ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula virtual.		
	Mantén unha comunicación fluída cos estudantes a través das canles dispoñíbeis.		
	Plantexa actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.		

	INDICADORES	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
--	-------------	------------	---------------------

<b>SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE</b>	Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.		
	Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e da pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
	Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
	Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non son alcanzados suficientemente.		
	Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		
	Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.		

Polo que se refire á avaliación da programación didáctica, en reunións de carácter quincenal realizarase un seguimento da programación didáctica por parte de todos os membros do departamento. Ao finalizar o curso, nunha reunión do departamento, farase unha análise dos resultados e discutiránse os posibles trocos na programación cara o curso seguinte despois dunha posta en común das reflexións de cada membro segundo os puntos do cadro seguinte:

<b>ASPECTOS A AVALIAR</b>	<b>A DESTACAR</b>	<b>A MELLORAR</b>	<b>PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL</b>
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Realización de tarefas			
Estratexias			



metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Outros aspectos			

## 11. ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

---

### Contidos esixibles

Todo o alumnado que non acadase os obxectivos mínimos nin adquirise as competencias básicas establecidas para cada módulo do ámbito da sociedade da Educación Secundaria de adultos, terá unha nova posibilidade de adquirilos.

Entendemos que os contidos esixibles para a superación do módulo pendente serán os mesmos indicados no apartado de mínimos esixibles para a contribución das materias ao logro das competencias básicas. Neste apartado de mínimos esixibles veñen enumerados os contidos mínimos que consideramos que son ineludibles para unha comprensión elemental dos temas tratados en cada módulo e que lle van permitir o logro das competencias básicas.

### Programa de reforzo para a recuperación dos módulos pendentes de cursos anteriores

No ensino a distancia é fundamental a constancia da/o alumna/o, xa que disto depende en boa medida a consecución dos obxectivos previstos neste tipo de educación. O illamento do alumnado fai que, ante as primeiras dificultades, haxa un bo número de matriculados que

abandonen ou relaxen as súas actividades. Cómpre, pois, que o profesor exerza de guía, marque as pautas de estudo e axude nos ritmos ao alumnado.

É importante que as/os estudantes que non deseen superado os obxectivos dun módulo non abandonen e se presenten á avaliación extraordinaria que se lles oferta. Para manter ese ritmo de traballo e de estudo, a través da aula virtual, o profesor deseñará un programa de reforzo que permita a recuperación do módulo pendente.

O obxectivo fundamental do programa de reforzo é ir marcando, a través dunhas actividades voluntarias, as pautas de traballo que ten que seguir quen queira recuperar algún módulo pendente. As actividades son voluntarias, porque a finalidade non é avaliadora, senón sobre todo servir de guía ao alumnado.

As actividades consistirán:

1. Exercicios para insistir nos contidos teóricos fundamentais.
2. Probas prácticas para afondar no dominio dos diferentes procedementos traballados no módulo.

### **Actividades de avaliación**

Para poder avaliar a consecución dos obxectivos e o dominio das competencias básicas do módulo que as/os alumnas/os deben recuperar, o profesor contará:

1. A avaliación extraordinaria do módulo: Unha proba escrita na que se avaliará sobre os contidos mínimos esixibles.
2. A participación activa das/os alumnas/os na aula virtual, as consultas a través da propia aula, do foro disposto na web, etc.

### **Criterios para superar módulos pendentes pola avaliación continua**

Na educación secundaria a distancia, a avaliación continua pode medirse a través da participación na aula virtual e na realización dos traballos, exercicios e actividades que o profesor/ a profesora propoña. Ademais destas actividades, para poder superar o módulo pendente terá que superar a proba escrita (a avaliación extraordinaria) da que o centro establecerá a súa data.

## 12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

---

A singularidade da educación secundaria de adultos a distancia supón que, aínda que sexa consciente da diversidade do alumnado matriculado nesta ensinanza (disposición horaria, idade, tempo que pasou dende que realizou os seus últimos estudos regrados, motivación, discapacidades físicas, etc.), o escaso contacto presencial, unido á chegada de novos alumnos matriculados até datas moi próximas á realización da primeira proba escrita no primeiro cuatrimestre, fai que sexa moi difícil traballar a diversidade específica das alumnas/os. Con todo, na planificación dos obxectivos e contidos está presente a gradación de diferentes ritmos de aprendizaxe que abrangan unha variedade tal que permita traballar co alumnado para lograr acadar as competencias básicas establecidas para o módulo.

Ademais dos contidos e actividades obrigatorias, ao longo do módulo presentaranse na aula virtual un conxunto de actividades de reforzo e ampliación, que teñen por obxectivo ofrecer os recursos básicos para que todas/os alumnas/os poidan alcanzar o máximo desenvolvemento das competencias básicas e os obxectivos do módulo.

## 13. TEMAS TRANSVERSAIS

---

O currículo da ESA ten un carácter integrador coa finalidade de consolidar no alumnado valores básicos que demanda a sociedade actual, tales coma **a educación para os dereitos humanos e a paz, educación moral e cívica, educación para a igualdade entre os sexos, educación ambiental, educación multicultural e educación europea**. Estes temas transversais desenvólense no proxecto curricular integrados dun xeito transversal. A través dos seguintes elementos se pretende:

### **Educación para os dereitos humanos e a paz:**

- **Apreciar** os dereitos humanos coma un dos logros irrenunciabes da humanidade
- **Desenvolver** actitudes de rexeitamento as desigualdades sociais e económicas dos pobos
- **Promover** actitudes democráticas e de solidariedade con outros pobos e etnias

### **Educación moral e cívica:**

- **Desenvolver** actitudes de tolerancia e respecto por ideas, opinións e crenzas que non coinciden coas propias
- **Formar** un xuízo crítico e razoado dos problemas das sociedades contemporáneas
- **Saber** debater cunha actitude crítica e tolerante , argumentando as opinións propias, e utilizando o diálogo como forma de resolver os conflitos humanos e sociais .
- **Comprender** aqueles contidos de grande impacto social como a emigración , a inmigración, a violencia, o racismo, as desigualdades sociais e económicas, o analfabetismo, etc. no marco xeral das tensións e problemas da sociedade actual.

### **Educación para igualdade entre os sexos** ten como obxectivos:

- **Analizar** criticamente a realidade e corrixir xuízos sexistas, dando un tratamento equivalente e equilibrado ó papel semellante que xogan homes e mulleres no devir histórico.
- **Consolidar** hábitos non discriminatorios na explicación dos feitos e procesos do mundo contemporáneo, partindo da selección e análise de diversas fontes históricas e historiográficas.
- **Corrixir** a linguaxe sexista e homófoba que, ás veces, utilízanse de xeito inconsciente

### **Educación ambiental:**

- **Comprender** as consecuencias medioambientais que se derivan de certos acontecementos políticos, económicos ou científicos: conflitos bélicos, explotación abusiva de recursos naturais, etc.
- **Valorar e respectar** o patrimonio histórico, cultural e social, asumindo a responsabilidade da súa conservación e mellora.

### **Educación multicultural** ten como finalidade :

- **Comprender** o significado histórico das culturas non europeas .
- **Desenvolver** actitudes de respecto, que non tolerancia, e valoración de culturas non occidentais.
- **Facerlles entender** que Europa non ten a solución a tódolos problemas, que as democracias europeas non son as únicas formas de organizar pobos e culturas

### **Educación europea** o seu principal obxectivo é:

- **Coñecer** o significado da Unión Europea.
- **Desenvolver** a conciencia dunha cidadanía europea.

---

## **14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

A singularidade da educación a distancia fai que sexa imposible deseñar actividades complementarias e extraescolares para que participe o conxunto do alumnado matriculado nos módulos. Se xa somos conscientes da importancia de superar a aula para o logro das competencias básicas, no ensino a distancia isto é máis que evidente aínda que se aproveiten todas as oportunidades que ofrece unha aula virtual.

A profesora, cando sexa posible, fará mención a todas as posibilidades artísticas, culturais e científicas que se organicen na nosa Comunidade, sendo consciente que a dispersión territorial do alumnado e a multiplicidade de actos fará imposible o coñecemento e a asistencia á maioría deles.

## 15. ACTITUDES, VALORES E IMPULSO DA AUTONOMIA PERSOAL

---

**Preocupación** pola rigorosidade e obxectividade na interpretación da información histórica.

**Coñecer** o pasado como fonte para entende lo presente.

**Tomar** conciencia da necesidade dunha preparación histórica para poder adoptar unha posición crítica propia.

**Adquirir** sensibilidade ante os problemas sociais derivados de situacións de desigualdade.

**Valoración** crítica do papel do cambio tecnolóxico no proceso histórico.

**Valorar** negativamente as desigualdades xurídicas; determinadas actitudes coma o despotismo, e certas actividades, coma o tráfico de escravos.

**Fomentar** o respecto ás ideas e a importancia da convivencia pacífica.

**Inculcar** a permeabilidade ó intercambio de opinións , informacións e criterios.

**Valorar** positivamente os logros do liberalismo político e recoñecelos como a orixe dos sistemas políticos europeos actuais.

**Desenvolver** hábitos e practicas democráticas.

**Rexeitar** a discriminación sexual e fomentar a igualdade de oportunidades.

**Apreciar** a diversidade étnica e cultural.

**Valorar** a convivencia pacífica entre os pobos.

**Rexeitar** a discriminación racial e fomentar a igualdade dos seres humanos.

**Valorar** negativamente o recurso a violencia

**Fomentar** o respecto ás ideas e desenvolver hábitos de tolerancia, de respecto e de diálogo para resolver ós conflitos.

**Ter** interese por coñecer os procesos económicos e a súa influencia sobre o devir social.

**Valorar** negativamente os extremismos políticos.

**Rexeitamento** da violencia como método de resolución dos conflitos.

**Mostrar** rexeitamento polos réximes que vulneren os dereitos humanos.

**Tomar** conciencia dos grandes problemas mundiais e adoptar unha actitude responsable ante eles.

Nas titorías presenciais e na aula virtual propóranse unha serie de traballos tendentes a fomentar a convivencia, a autonomía persoal, as habilidades sociais de comunicación e relación interpersoal como a escoita activa, a empatía, o respecto pola quenda de palabra, a valoración das opinións distintas a propia, e promovendo o tratamento correcto na utilización da aula virtual.

## 16. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN

---

### Actividades de contribución ao:

- *Proxecto lingüístico.*
- *Proxecto lector* (tamén contemplado nos contidos competenciais e nas actividades complementarias e transversais).
- *Proxecto das TIC* (Tecnoloxías da información e da comunicación).
- *Plan de Convivencia.*

### Contribución ao Proxecto lingüístico

Coa finalidade de potenciar o coñecemento e o uso da lingua galega, dende este departamento procurarase:

- Usar o galego como vía de comunicación habitual dentro da comunidade educativa.
- Realizar as comunicacións escritas co alumnado e demais persoal do centro en lingua galega.

- Fomentar o uso da lingua nas conversas informais.

- Todos os contidos da aula virtual destinados o alumnado ( guía da materia, documentos descargables, foro, ligazóns, correo electrónico, etc.) presentaranse sempre en galego. Os exames realizaranse en galego e/ou castelán

*Avaliación:* Valorar a actitude de respecto cara a lingua e o uso da mesma entre o alumnado e nas comunicacións co profesorado.

### **Contribución ao Proxecto das TIC**

Dadas as características específicas destas ensinanzas de ESA a distancia do I.E.S. San Clemente uso das TIC é un dos instrumentos e recursos básicos de aprendizaxe e de comunicación entre alumnado e profesorado. Pode resultar redundante este obxectivo, sen embargo sempre debemos fomentar que o alumnado saque o máximo proveito destes recursos e desenvolva a súa autonomía.

En esta liña de actuación dende este departamento procurarase:

- **Estimular** ao alumnado no uso de todas as utilidades da plataforma educativa para que consigan un maior aproveitamento das súas posibilidades (foros, FAQs, correo, fonoteca,...)

- **Fomentar** a busca selectiva de información en internet de forma precisa e rápida. Para conseguir este obxectivo a información que se facilite ao alumnado deberá ser ordenada, diferenciando os documentos de obrigado estudo, dos que sexan de ampliación e evitando o exceso de información.

- **Propoñer** vídeos de contidos relacionados coa materia como elemento facilitador da aprendizaxe.

*Avaliación:* Valorar a mellora e aumento no uso dos recursos do portal educativo con respecto a cursos anteriores.

### **Contribución ao Plan de Convivencia**

Considerando que a calidade da convivencia dentro de calquera colectivo e da comunidade educativa en especial, é un factor clave para o bo funcionamento do centro, dende este departamento intentarase:

- Colaborar co Observatorio da Convivencia e na elaboración do Plan de Convivencia.

- Colaborar no posible, co Obradoiro de Igualdade
- Manter e fomentar o espírito de compañeirismo, colaboración e respecto nas relacións coas demais persoas e promover esta dinámica entre o alumnado.
- Fomentar o desenvolvemento de habilidades sociais como a escoita activa, a empatía o respecto pola quenda de palabra e a valoración das opinións distintas a propia.

*Avaliación:* Valorar as actitudes respectuosas e tolerantes do alumnado entre si e co profesorado.

**IES San Clemente. Santiago de Compostela. Outubro 2021**

**M<sup>a</sup> Esther Durán Rivas**